


As primeiras organizacións de mulleres no franquismo

En 1964 a Lei Xeral de Asociacións autorizou, aínda que con grandes limitacións, a creación de colectivos de mulleres dentro da "legalidade" franquista, coa finalidade de dar solucións a algúns aspectos da problemática específica feminina. A partir de aí, algúns exemplos destes colectivos foron:


- **A Agrupación de Mujeres Empresarias y Profesionales**, que foi xurdindo a partir de 1968 nalgúns territorios do Estado, entre eles Galiza. Estas mulleres ofrecían asesoramento en cuestións fiscais e xurídicas ás súas afiliadas, así como promulgaban a necesidade de crear bolsas para mellorar a súa formación.
- **Movimiento Democrático de la Mujer** (anos 60), xurdiu en Barcelona, aínda que na clandestinidade, vinculado ao PC e posteriormente chegaría a Galiza. Esta agrupación tiña dúas orientacións principais: a solidariedade cos represaliados e represaliadas do réxime e a reivindicación feminista.



En 1968 comeza a editar un boletín mensual: *La mujer y la lucha*, que se repartiría en fábricas, comercios e outros lugares onde traballaban as mulleres. As integrantes galegas deste colectivo chegaron a publicar unha versión propia deste boletín: *A muller e a loita*, adaptada á realidade específica da nosa nación e desde o que se apoiaba a necesidade de acadar un órgano de autogoberno para Galiza.

En 1974, coa publicación do Decreto sobre a regulación das asociacións de estudantes (Ministerio de Educación e Ciencia), xurdiu en Madrid a **Asociación Universitaria para el Estudio de la Problemática de la Mujer**, que pretendía ser un órgano de debate sobre a situación das mulleres desde distintos ámbitos.

En Galiza nacería algúns anos despois unha agrupación similar na Universidade de Santiago. Para este colectivo, as mulleres, coas súas reivindicacións propias, debían de unirse á loita do resto de grupos sociais afíns e traballar xuntos para acadar a liberación de toda a sociedade.



En 1949 Simone de Beauvoir publica *O segundo sexo*, editado por primeira vez en galego en 2008



LA MUJER Y LA LUCHA

... (text continues) ...

ALBORADA

... (text continues) ...